

andando a terra

DE MONFORTE DE LEMOS DEICA A CRUÑA, PASANDO POR RIVAS PEQUENAS

Os días que antecederon ó 17 de maio foron de auténtica primavera. Semellaba que o vran viña de verdade. A natureza agromou con forza. O sol quentaba forte. Servidor que, de cando en vez, falas das suas viaxes en parte pra civilizarse algo, que boa fala lle fai, pillou o tren en Monforte de Lemos pra achegarse deica A Cruña. E foi, moi atento, ledo e competente, ollando a paisaxe pola ventaina. Nunca o mundo lle semellou tan fermoso e cumprido. O ceo, azul e limpo, ainda que en algunhos lugares houbera unha pequena brétema a ras de terra, contrastaba coa increíble canzellade de verdes que agromaba por todos os lados. Moitas áboas es frutales xa estaban en fro. A branura da fro das cerdeiras era impresionante. Tantos eran os verdes, tan abundantes e luxuriosos, que agachaban incruso esas arrepien-

tes construcións, que se andan a facer en vilas e aldeas e que tan mal escen na nosa paisaxe.

O pouco de sair o tren da estación de Monforte de Lemos, denantes de chegar a estación de Bovida, contemplamos, no medio dunha chira, a parroquia de Rivas Pequenas: unhas casas grises das que sobresai o campanario da Igrexa parroquial. A paisaxe destes lugares lembrando a nosa Terra Chá nativa. Rivas Pequenas era unha parroquia moi rica en arboredo. Agora, ó ben visto, van facer a concentración parcelaria. Con este motivo tiraron piñeira e carballeira. E convertiron a Rivas Pequenas nun lugar tristeiro, desolado, desamparado. A historia de sempre, monotonamente repetida. Posiblemente que os vellos piñeira e carballeira serán, no futuro, pastizais.

En Rivas Pequenas teñen os Maseda unha boa propiedade. O que a goberna é Ramón Maseda, solteiro e veciño de Monforte de Lemos, coñecido popularmente como o "Tranquillo".

Trátase dun home tranquilo de verdade. Na cidade do Cabe, como dían os cronistas deportivos e outras xentes, Ramón o Tranquillo, é unha persoa popular e querida. O caso é que, hai xa ben anos, a altas horas da noite o Tranquillo iba ceitar a súa casa de Rivas Pequenas. Pascu por unha das carballeiras da súa propiedade. E sentiu unhos golpes de brosa contra as portas dun carballo. O Tranquillo, con paso e orella de raposo, fouse achegando deico o coro o que lle estaban repolando. Alcendeu unha linterna. No curudo carballo atopouse cun veciño de Rivas Pequenas, moi coñecido e ainda amigo do Tranquillo. Ambos e doux estableceron, máis ou menos, o seguinte diálogo:

—¿Qué é o que fas ahí?

—O que fayo, ben o ves.

—¿De quién é a carballeira, tú ou mi?

—Home, eso non se pergunta: a carballeira é túa.

—Pois eu non sei en que se enxece.

—E moi doado: en que tí

podes vir a clacelar dia e más de noite. E eu somentes podo vir de noite.

A causa non pasou a maiores. O Tranquillo que, como dixen, é bó home, axudouille a cargar a leña repolada ó seu veciño, botouelle unha mao no acarrexo. E corriu logo ó dia remataron na casa do "repolador" comendo unhas súpas de alio.

Rivas Pequenas vai quedar sin carballeiros. Ou con moi poucos carballeiros. Unha escez como e que ceixo descrita é posible que non se volva a repetir. Con esa da emigración que non é ningunha bromha nin causa que se lle semelle — e más coa introdución do butano nas nosas aldeas, a xente nor anda repolando pola noite nas carballeiras. De seguir así as cousas tampouco van quedar moitas carballeiras que repolar.

Despois de andar pela Cruña e de parolar longo cos amigos Pilar García Negro, Gise a —que ten un apelido cuxero, non sei si Ozteiz, que non lembro nunca, ainda que sí o segundo que co do que é Copo—, Perfecto e

outros e dc despedir a Felipe Senén que iba nada menos que pra Venezuela e de parar en Betanzos medio día, pilleo tren pra retorna a tribu, como era de obligación.

Así que montei no tren na estación de Infesta axiña romperme a ver incendios forestais. Co arboredos que non rematafan as xentes dun xeito que non se chamar "natural", rematan os incendiarios. Un dos incendios apareceu ó pouco de sair de Infesta. O segundo aló por perto do apadello de Aranga, agora arruinadío de todo, que dás mágicas ollado. E o terceiro, moi importante, en Rábade. O fume do incendio de Rábade envolvía toda a villa. Era moi importante e surprende que produxo grandes perdas.

Todo o gozo, a ledicia, o optimismo que alcendeu en servir o viaxe de ida quedou toldada polo cabreo, a caraxe e a impotencia que produxe en min a viaxe de volta. Eso dos incendios na nosa patria non ten nome. Vai sendo hora de tomar moi en serio esta cuestión.

Por M. HORTAS VILANOVA